

Coa colaboración de:



**XUNTA
DE GALICIA**



**ORDE DO 12 DE XANEIRO DE 2022
POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS QUE REXERÁN AS AXUDAS PARA A
CONCILIACIÓN DA PERSOA TRABALLADORA AUTÓNOMA E SE PROCEDE Á SÚA
CONVOCATORIA PARA O ANO 2022
(CÓDIGO DE PROCEDIMENTO TR341R)**

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2022

O Gabinete de Igualdade do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia, na súa función divulgadora e sensibilizadora en materia de igualdade laboral, publica este resumo dos puntos clave das bases reguladoras das axudas que promove a Consellería de Emprego e Igualdade para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas traballadoras autónomas durante o 2022 en Galicia.

EN QUE CONSISTE?

Trátase da convocatoria pública de axudas económicas para a conciliación da vida familiar e laboral para as persoas traballadoras por conta propia ou autónomas que desenvolvan a súa actividade en Galicia.

Con estas axudas, a persoa traballadora por conta propia obterá unha compensación para a contratación dunha persoa durante un período máximo dun ano, para favorecer a conciliación da súa vida persoal e laboral e facilitar a continuidade e consolidación do seu proxecto empresarial. A idea é facilitar a contratación dunha persoa ou os servizos dun centro, ben sexa finalizado o período de descanso por nacemento, adopción ou acollemento, ou ben en calquera momento en que se precise para apoiar o coidado de menores e/ou maiores dependentes.

É unha convocatoria de subvencións en concorrencia non competitiva, polo cal a súa resolución será por orde de entrada no rexistro das solicitudes presentadas (e ata esgotar o orzamento).

PERSOAS E ENTIDADES BENEFICIARIAS

Persoas traballadoras que estean dadas de alta no réxime especial da Seguridade Social de persoas traballadoras por conta propia ou autónomas, que, segundo o anexo I, teñan o seu centro de traballo (ou domicilio social, no caso de carecer daquel) na Comunidade Autónoma de Galicia, e que cumpran os requisitos recollidos na seguinte táboa.

Sociedades e comunidades de bens que realicen unha contratación nas mesmas condicións ca no parágrafo anterior con respecto ás persoas autónomas societarias.

Ligazón ao DOG correspondente para ampliar información ou descargar os formularios (https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220202/AnuncioG0599-130122-0001_es.html).

Para máis información, podes solicitar unha consulta na conta de correo electrónico: gabineteigualdade@galicia.ccoo.es

ACCIÓNS SUBVENCIONABLES E IMPORTE

BONO AUTÓNOMO (B. A.) CONCILIA I	B. A. CONCILIA II
Contratación realizada por unha persoa traballadora autónoma durante un período máximo dun ano, unha vez rematada a súa baixa por maternidade, paternidade, adopción ou acollemento.	Contratación realizada por unha persoa traballadora autónoma durante un período máximo dun ano, para o coidado de menores, maiores ou dependentes.
Contratacións que se realicen para apoiar a persoa autónoma no seu negocio, cunha duración mínima de seis meses que, cumprindo cos requisitos enumerados no parágrafo anterior, se inicien entre o 1 de outubro de 2021 e o 30 de setembro de 2022.	Contratacións que se realicen para apoiar a persoa autónoma no coidado de menores e/ou maiores ou dependentes cunha duración mínima de seis meses que, cumprindo cos requisitos enumerados no parágrafo anterior, se inicien entre o 1 de outubro de 2021 e o 30 de setembro de 2022
<p>Importe máximo de compensación da contratación: 500 € por mes completo, segundo a duración indicada na comunicación da contratación.</p> <p>Máximo de doce meses de contratación.</p> <p>Nos casos de duración incerta, a subvención será polos meses indicados no anexo I, que serán os que se comprometa a persoa autónoma a ter a contratación vixente.</p> <p>O importe máximo que se pode percibir será, polo tanto, de 6000 €.</p>	
<p>Nas contratacións a tempo parcial, a contía será proporcional ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou na xornada máxima legal.</p>	
B. A. PARA OS SERVIZOS DE COIDADADO DE MENORES	B. A. PARA O SERVIZO DO COIDADADO DE PERSOAS MAIORES OU DEPENDENTES
Subvención do 75 % do custo do centro ou do servizo de coidado de menores, ata un máximo de 3000 €, para aquelas persoas autónomas que obteñan a subvención polo bono autónomo concilia I ou II nesta convocatoria.	Subvención do 75 % do custo do centro ou do servizo de coidado de persoas maiores e/ou dependentes das cales acredite a súa relación de parentesco ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade ou, de ser o caso, a acreditación da convivencia no mesmo domicilio, ata un máximo de 3000 €, para aquelas persoas autónomas que obteñan a subvención polo bono autónomo concilia I ou II nesta convocatoria.
Gastos dos servizos de coidado de menores realizados no período subvencionable	Gastos dos servizos de coidado de persoas maiores ou dependentes polos que obtivo o bono autónomo concilia I ou II
<p>No caso de que a persoa beneficiaria do bono autónomo concilia for unha sociedade ou comunidade de bens, a solicitude deste bono debe realizala a persoa autónoma societaria pola cal tivo dereito á axuda.</p>	
<p>Estas dúas axudas son compatibles entre si.</p>	

FINANCIAMENTO

Se o orzamento asignado non é suficiente para pagar todas as axudas solicitadas, aplicarase como criterio de prioridade a data de presentación. No caso de coincidencia na data de presentación de dúas ou máis solicitudes presentadas, a orde de prioridade virá determinada pola hora. Isto será así para todo o ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

REQUISITOS E OBRIGAS DAS PERSOAS OU ENTIDADES BENEFICIARIAS

B. A. CONCILIA I	B. A. CONCILIA II
<p>Para ser beneficiaria, a persoa solicitante tivo que estar previamente de baixa por maternidade ou paternidade, ou situacións asimiladas.</p> <p>No prazo dos quince días naturais seguintes á finalización do período de descanso por nacemento, adopción ou acollemento, débese realizar un contrato de calquera modalidade co compromiso dunha duración mínima de seis meses.</p> <p>*Non é necesario que se contrate unha persoa desempregada cando o contrato se realiza coa mesma persoa que estaba cubrindo a interinidade por maternidade ou paternidade da persoa traballadora autónoma.</p>	<p>Para ser beneficiaria, a persoa solicitante ten que acreditar a súa relación de parentesco ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade e/ou, de ser o caso, a acreditación da convivencia no mesmo domicilio que a persoa dependente ou con grao de discapacidade igual ou superior o 33 %, como mínimo, nos tres últimos meses anteriores á solicitude.</p>
<p>A contratación debe realizarse cunha persoa desempregada, entendendo como tal unha persoa sen ocupación segundo a vida laboral e inscrita na oficina de emprego.</p>	
<p>Manter no seu cadro de persoal a persoa traballadora contratada polo período mínimo do tempo polo que se lle concedeu a subvención desde a alta do contrato subvencionado, mantendo, como mínimo, a xornada pola que se concedeu a subvención.</p> <p>No suposto de extinción da relación laboral da persoa traballadora que se contrata pola que se concedeu a subvención, terá que cubrir a vacante cunha nova contratación, cunha persoa desempregada polo menos cunha xornada de traballo igual ou superior á da persoa substituída, e comunicar ao órgano que concedeu a axuda esta nova contratación que non dará lugar, en ningún caso, a una nova subvención.</p>	
B. A. PARA OS SERVIZOS DE COIDADODE MENORES	B. A. PARA O SERVIZO DO COIDADODE PERSOAS MAIORES OU DEPENDENTES
<p>Para ser beneficiaria, a persoa terá que acreditar a contratación dun centro ou dun servizo de coidado de menores, sempre e cando estes sexan descendentes directos (primeiro grao) ou acrediten unha convivencia de máis de tres meses.</p>	<p>Para ser beneficiaria desta axuda, a persoa solicitante terá que acreditar a contratación dun centro ou servizo de coidado de persoas maiores e/ou dependentes e acreditar a súa convivencia previa nos tres últimos meses anteriores á solicitude e a súa relación de consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao.</p>
<p>Ademais, a persoa solicitante ha ser beneficiaria do B. A. concilia I ou do B. A. concilia II.</p>	
<p>Para TODAS as persoas beneficiarias de calquera destas catro modalidades de axuda, é imprescindible:</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Ter o seu domicilio fiscal en Galicia. • Estar ao día nas obrigas tributarias coa Administración do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, así como coa Seguridade Social. • Cumprir as obrigas establecidas na Lei de subvencións de Galicia (art. 11. Lei 9/2007). • Comunicar calquera variación ou extinción das condicións inmediateamente. • Facilitar toda a información que lle sexa requirida.

EXCLUSIÓNS

Non son subvencionables os contratos realizados co cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da persoa solicitante.

Excepcionalidades:

É subvencionable a contratación por conta allea de fillos ou fillas menores de 30 anos (conviventes ou non). Tamén cando a persoa traballadora autónoma non teña persoas asalariadas e contrate un só familiar menor de 45 anos que non conviva ela nin estea ao seu cargo.

É subvencionable tamén a contratación de fillos/as maiores de 30 anos con especiais dificultades para a súa inserción laboral, con discapacidade recoñecida.

TRAMITACIÓN: prazo de presentación e solicitudes

B. A. CONCILIA I	B. A. CONCILIA II
B. A. PARA OS SERVIZOS DE COIDADADO DE MENORES	B. A. PARA O SERVIZO DO COIDADADO DE PERSOAS MAIORES OU DEPENDENTES

Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

O prazo máximo de presentación de solicitudes é dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). A publicación foi o mércores, 2 de febreiro de 2022. Contan cun prazo máximo de resolución de tres meses.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

Na páxina 6929 da publicación no DOG especificase a documentación complementaria que deben achegar, tamén de maneira electrónica, as persoas interesadas.

Na páxina 6941 recóllese o ANEXO I, isto é, o documento que has cubrir e reenviar.